

Así que para darte que pensar, aquí tes unhas frases de *Sun Tzu; un intelixente xeral chino que deixou este texto escrito fai máis de 2000 anos...*

- ¿A vida no instituto é serea e cándida por natureza ?ou está chea de atrancos e conflitos polo poder a todos os niveis, a competición...?

“Si la vida se parece más a una lucha que a la danza, como expresó con acierto el emperador Marco Aurelio, entonces el arte de vivir tendrá semejanzas obligadas con la estrategia militar. Y si la guerra puede ser símbolo de vida, algunos aspectos de la lucha armada bien podrían aplicarse a la lucha por la vida”

- ¿Cres que o profesorado ten que ser autoritario?

“Los rasgos que Sun Tzu atribuye a la autoridad militar: Prudencia y conocimiento, honradez, humanidad, valor y severidad. La autoridad es una exigencia natural de la sociedad, condición necesaria de su misma existencia, lo que la salva de la injusticia generalizada, de la ley del más fuerte y del caos.”

- Nun combate vencer sen loitar é o mellor, e na vida?

“La mejor estrategia es la que consigue, por medio de diplomacia y negociaciones, abortar el conflicto, hacerlo innecesario. Y los mejores militares no son los que ganan todas las batallas, sino los que consiguen que se rindan sin lucha los ejércitos enemigos.”

“EL ARTE DE LA GUERRA”

é UN LIBRO SOBRE A PAZ...

PENSADE NAS SUXESTIÓNS DE SUN TXU

PREPARAD@S PARA ENTRAR EN COMBATE


E TER ÉXITO NESTE NOVO CURSO!!

BENVID@S aos que chegades novos e aos que” repetides”,

en todos os casos...

ÁNIMO NESTA NOVA ANDAINA; curso 2011-12.

E nestes tempos combativos...



QUE PODEMOS FACER NÓS? Pois seguir ilusionándonos , e intentar transmitirvos que teñades curiosidade, que queirades saber máis, que non vos deixedes levar polo desánimo... Hai quen pensan que a xuventude está botada a perder, que non ten valores, ilusións por nada, nin capacidade de esforzo, superación... ou hai quen cre que estamos todos intentando saber que lugar ocupamos neste novo S.XXI. Igual que noutros séculos houbo inventos moi revolucionarios (a imprenta, o telescopio, a máquina de vapor, a TV...) agora é o emprego dos portátiles e móbiles o que xera medos... E sempre tivo que pasar un tempo ata poder aceptar novas formas de relacionarse, de aprender- ensinar... que xeran os novos avances tecnolóxicos.

Nesta era do botón, a sociedade tamén é moi competitiva, pero os test de intelixencia e os exames non nos din quen terá éxito na vida ou quen non... **PORQUE A INTELIXENCIA VAI TOMANDO OUTRAS DIMENSIÓNS.** Por que os test de intelixencia e os exames seguen a ser moi parciais e só miden un aspecto reducido das capacidades cognitivas, dos conceptos teóricos. E non valoran outras capacidades, como quen terá competencia para transmitir a importancia de traballar en equipo dirixindo unha empresa, quen será capaz de emocionar a un auditorio transmitindo sentimentos de forza e unión, quen saberá adaptarse a vivir en diferentes países, arriscar na procura de emprender novos retos...

POLO QUE PODERÍAMOS GOZAR MÁIS PERCORRENDO O CAMIÑO..., en vez de estar sempre as presas e premidos, sempre coa idea de que non chegamos a abarcar todo o programado. Pensando que é os contidos teóricos son o único que vai permitirlle ao alumno ter éxito o día de mañá. O obxectivo final na educación nosa de cada día, debería ser axudar a medrar dun xeito saudable, mellorando as capacidades da intelixencia, pero, nun sentido actual de intelixencia emocional, procurando un alumnado con coñecementos pero tamén equilibrado e feliz .

O alumn@ debería querer aprender, ter inquietudes, motivarse cos retos, formularse interrogantes que o mobilicen a buscar respostas, crear, investigar, facer cousas sen medo a equivocarse con bo xuízo crítico . Tedes que ser orixinais , creativos, saber o que vos gusta e facelo o mellor posible. Aprender porque vos interesa, porque queredes ser interesantes, saber distinguir, saber facer, saber expresarse en público, saber clasificar, saber interpretar... non soamente por sacar unha boa nota nos exames, pola presión do profesorado e a familia, porque iso xera un baleiro e perda total da alegría que supón aprender.

No mundo do deporte, ao igual que na educación, está sobrevalorado o “modelo” competitivo do importante é a meta, o importante é estar entre os tres primeiros; ou sacar todo sobresaíntes. En vez de gozar máis no proceso de superación persoal, cos aprendizaxes e competencias que se van adquirindo. No deporte hai que ir medrando, madurando, gozando da competición como unha forma de auto motivación pola superación persoal, respectando a todos os adversarios e recoñecendo os seus méritos porque entre todos enriquecémonos... **OU VALE GAÑAR , OU SACAR TODO SOBRESAÍNTES A CALQUERA PREZO?**